

16 - 18 MAIO '25

MARÍN VILA DO LIBRO

1ª edición. Palabras que salvan futuros e removen presentes.



MARÍN
Vila do Libro

Rede de Vilas do Libro 2025
Os libros fan camiño, facemos camiño cos libros



Organiza:



Co apoio:



CECUBO

Coa colaboración de:



Benvidos e benvidas a Marín, Vila do Libro

Veciños e veciñas, douvos a benvida á programación da primeira edición de Marín, Vila do Libro, a nosa aposta para provocar unha auténtica marexada literaria durante a fin de semana grande da nosa lingua, o das Letras Galegas.

Do mesmo xeito que as carrexadoras traían o peixe para alimentar as bocas das familias que construíron Marín, hoxe carrexamos libros, historias e verbas para nutrir a nosa cabeza e o noso corazón.

A literatura crea todos os universos posibles. Non só abre ventás do noso interior. Debuxa novas e permítenos ver máis alá da paisaxe do cotiá. A través dela, vivimos outras vidas e exploramos outras narrativas posibles.

Desta volta, utilizáremola tamén para transformar o corazón de Marín. A Alameda, a Rúa Real e a Praza do Reloxo acollerán librarías efémeras, mesas redondas, conversas, recitais de poesía, concertos, pasarrúas... Actividades con diversas temáticas entre as que destaca unha protagonista: a poesía oral popular galega, mantida na tradición polas cantareriras da nosa terra e que serán as homenaxeadas neste 17 de maio.

Acompañarannos nomes como os de Manel Loureiro, Elena Gallego Abad, Francisco Castro, Juan Parcer, Leilía, Ismael Ramos, Tamara Andrés, Silvia Penas, Richard Pazos, David Gago... entre outros moitos máis. Plumas marinenses e de fóra das nosas fronteiras coa literatura galega como mar de fondo.

Deséxovos que goceades desta fin de semana chea de letras e conversas coas que aprender, explorar, viaxar e imaxinar. A cultura ten esa capacidade transformadora da que debemos beber. Carrexemos todas as historias que poidamos porque virán con nós como equipaxe da nosa vida. E é que non hai mellor acompañamento posible.

Feliz Día das Letras Galegas para todos e todas. Desde o Concello seguiremos apostando por facer de Marín un lugar no que a literatura latexe cada vez máis forte.

María Ramallo Alcaldesa de Marín



Marín, vila galega e literaria



Cada Vila do Libro é un proxecto único e ilusionante. Ao principio comeza a esbozarse desde un papel en branco, cun reto: ir dándolle forma e avanzar até converterse nun festival literario con nome propio. É un proceso creativo de múltiples caras que vai enraizando no territorio e ao que van sumándose propostas, ilusións e perspectivas moi distintas, onde todo xira arredor do libro, a literatura e o fomento do goce da lectura.

O que comezou sendo un proxecto de dinamización cultural e económica para salvar e fortalecer un pequeno pobo do corazón de Cataluña converteuse, dezasete anos despois, no circuito literario máis estable de España. E do Mediterráneo ao Atlántico a través das rías. O ano pasado Pontedeume liderou a primeira Vila do Libro galega e Marín en 2025 configura o lanzamento da rede de Vilas do Libro en Galicia. Un proceso no que iremos descubrir como os libros son arquitectos de camiños, constrúen pontes entre comunidades e conectan territorios.

Marín Vila do Libro comeza a escribir a súa propia historia como referente cultural e literario en Galicia. E fáino co corazón posto na celebración das Letras Galegas. Será unha Vila galega e literaria chea de experiencias que merecen ser vividas, gozadas e compartidas. Fagámolo xuntos!

Enric Bono Director de Vila do Libro

De Orfeo ao free-style

A Vila do Libro de Marín permitirá percibir nun só fin de semana a evolución da poesía oral rendendo homenaxe ás cantareiras con motivo do Día das Letras Galegas.

No principio foi Orfeo. Despois, Homero. E desde entón e ata os nosos días unha multitude de poetas coñecidos ou anónimos que foron alentando con versos e música o devenir dos seres humanos ao longo do tempo. Cantar, cantouse sempre. Se o namorado de Eurídice foi quen de baixar ata o averno máis fondo e adormecer ao can Cerbero coa música da súa lira e o seu canto, todo era posible, incluso crer que o trigo era máis doado de segar, trillar e molear se se facía cantando. Logo, Babel fixo o resto e cada tonada, cada canción, incorporou unha letra, unha lingua, e chegou a gran riqueza da humanidade: todas as súas linguas.

E así é como foi nacendo a sabedoría popular grazas ás cancións e á súa transmisión oral. Un dos mellores exemplos disto é a tradición das cantareiras, que este ano son as protagonistas absolutas do Día das Letras Galegas. Non é casualidade que a gran Rosalía de Castro fose buscar na tradición oral para compor os seus Cantares Galegos, de vital importancia para a literatura galega moderna, precisamente porque buscou na tradición para recuperala e colocala no lugar que merecía. Sen as cancións, sen a poesía oral, non podería existir poesía culta.

De feito, haberíamos de replantexarnos conceptos como o propio Rexurdimento, que deberíamos circunscribir á literatura culta, pois a literatura popular nunca morreu e por iso non tivo que renacer de ningures, senón simplemente manter o fío da continuidade. E se este ano as cantareiras teñen todo o protagonismo que merecen, debemos facer unha mención especial ás transformacións e mutacións dos xéneros populares. Unha das mostras máis importantes deste poder de adaptación aos novos tempos é o rap e o freestyle, un movemento que conectou perfectamente coa mocidade, quenes atoparon nas bases rítmicas, na música urbana e na rima o vehículo para expresar as súas inquietudes.

Na Galicia, ademais, o fenómeno arraigou ben forte grazas a traballos como o de Gallos del Norte, un conxunto de artistas que levaron o freestyle a todos os lados e que ademais souberon facelo incluso grazas ao traballo con Pote-n100emos. Ter a sorte de poder contar con todos estes estilos de poesía oral



na primeira Vila do Libro de Marín é un luxo que debemos aproveitar, pois poderemos ver a nova maneira de facer poesía oral, pero ao mesmo tempo tamén gozar de toda a tradición que representan as cantareiras. E ademais, unha boa mostra da poesía máis literaria que, como non podería ser doutro xeito, tamén precisa da oralidade para chegar ao gran público e polo tanto gozaremos dos recitais poéticos máis tradicionais e da ponte cultural entre tradicións e linguas, pois aproveitaremos o centenario de Josep Maria Llompart para reivindicar as traducións de poesía galega e portuguesa que fixo ao catalán, explicándonos a inmensa potencia da literatura galega e achegándoa a novos lectores e lectoras ao construír unha auténtica ponte entre tradicións.

Esta é a grandeza das palabras ditas, cantadas, escritas, que sempre chegan ao corazón.

Que é unha Vila do Libro?

Una Vila do Libro, termo derivado do orixinal en inglés *booktown*, é un espazo —un barrio, un concello, unha cidade— que dá protagonismo ao libro e a todo o seu entorno.

Trátase dun modelo de turismo cultural xa consolidado en Europa que fomenta unha economía sostible e a escala humana. Vila do Libro aglomera municipios e barrios que creen no poder dos libros para impulsar novas dinámicas de desenvolvemento e turismo nos seus territorios.

Unha Vila do Libro recupera espazos e reconvértelos en lugares dedicados ao libro. Ademais, ofrece programas de actividades baseadas na literatura, pensadas para todos os públicos, que poden desenvolverse de xeito estable ou como encontros puntuais de formato pequeno ou grande (obradoiros, diálogos, encontros con autores, exposicións, espectáculos literarios...). Propostas que permiten descubrir dunha maneira sorprendente o territorio.



Accesibilidade cultural e sostibilidade

A Rede de Vilas do Libro fai unha proposta cultural totalmente descentralizada, cun programa de festivais literarios que saca os libros á rúa e achega as iniciativas de autores, autoras, editoriais e artistas do libro onde transcorre a vida da xente: a rúa onde vive, as tendas onde fai a compra, o bar onde toma o café... A partir das estruturas xa existentes no territorio, é capaz de dar nova vida aos espazos abandonados, cambiar tendencias de uso turístico, etc., implicando a poboación na estruturación de propostas que atraen a visitantes interesados na cultura.

Trátase dunha proposta de ocio cultural de calidade integrada co territorio, conta co apoio dos xestores públicos e/ou privados do espazo onde se desenvolve, involucra á cidadanía na súa creación e funcionamento, e é quen de articular novas redes de colaboración entre os mundos cultural, social e económico. Ademais, fomenta a cultura da reciclaxe.

VENRES 16

Espazo Alameda – Bernardino Graña

11.00

Versos que florecen

Unha aproximación á poesía para centros escolares marinenses coa actuación do grupo de cantareiras “Fentos e frouma”.

18.00

Gallos del Norte

Concerto de **freestyle**



Foto: Emi Castro

Show de improvisación que mestura ritmos clásicos de rap con instrumentos tradicionais como a pandeireta. Todo isto protagonizado por freestylers con e sen diversidade funcional e un grupo de pandeireteiras.

19.30

Inauguración oficial de Marín Vila do Libro

20.00

Os libros da miña vida: Manel Loureiro

Con **Manel Loureiro** e **Ramón Mella**



Manel Loureiro, autor dunha traxectoria literaria consolidada que vai desde a triloxía *Apo-calipsis Z* ata *Cuando la tormenta pase*, Premio Fernando Lara de Novela 2024, conversará distendidamente co

xornalista Ramón Mella sobre o conxunto da súa obra, as súas influencias e os motivos que o impulsaron a escribir.

12.00 Espazo Alameda – Bernardino Graña Contacontos infantil: Lola Feroz

Con **Juan Baquero**

Como cada noite, a nai de Lúa cóntalles un conto a ela e aos seus irmáns: O lobo comendo a Carrapuchiña, O lobo empachado de Cabritiños... Mais esta vez, a lobeta quere escoitar un de lobas e, tras esta petición, a nai comeza contarlles a historia de Lola Feroz!



12.00 – 14.00 Rúa Real

Obradoiro: Fagamos papel!

Aprende a facer papel artesanalmente con **Sastres Paperers**

Os Sastres Paperers veñen para ensinarche os seus segredos. Auga, tamiz e fibras vexetais. Móllate manciñas e preme que premerás: ti mesmo terás feito papel. E seguro que teñen algunha sorpresa preparada...



13.00 Igrexa vella

Acto institucional do Día das Letras Galegas e entrega do XVIII Premio de Narración Curta do Concello de Marín

13.30 Espazo Alameda – Bernardino Graña
Pandereteiras As Chaneiras



Actuación

O cancionero popular e a poesía oral, transmisores da lingua galega durante xeracións, reciben un merecido homenaxe no Día das Letras Galegas 2025 da man das pandereteiras marinenses As Chaneiras.

17.00 Museo Manuel Torres

Obradoiro de encadernación

Con **Sastres Paperers**

Se pola mañá, os Sastres Paperers nos ensinaron a facer papel, pola tarde nos ensinarán técnicas de encadernación artesanal en un obradoiro particular. Sesións de 45 minutos.

► Prazas limitadas. Información en:

www.viladolibro.gal/marin

17.00 Igrexa Vella Recital poético

Con **Richard Pazos** e a **asociación artística Céltica**

A poesía é unha arma cargada de futuro e non podemos imaxinar un festival literario sen un púlpito poético desde onde gritar versos.



18.00 Museo Manuel Torres

Obradoiro de encadernación

Con Sastres Paperers

► Prazas limitadas. Información en:

www.viladolibro.gal/marin

18.00 Igrexa Vella

María Casares por Sabela Hermida

A escritora e actriz Sabela Hermida aborda a figura e o legado e o compromiso político e social de María Casares, mito do cine francés, país onde tivo que exiliarse, con 17 anos, antes de rematar a Guerra Civil.

18.00 Espazo Alameda – Bernardino Graña

Da árbore ao libro

Obradoiro do proceso editorial para a cativada de **Cuarto de Inverno**

Como se fai un libro? Que agocha dentro ademais dunha historia? Cantas persoas fan falla para facelo? Que clases de libros hai? Nunha sesión de contacontos manipulativo poderemos ver distintos materiais para elaborar un libro, veremos os libros máis raros da historia e faremos un minilibro.



19.00 Museo Manuel Torres

Obradoiro de encadernación

Con **Sastres Paperers**

► Prazas limitadas. Información en:

www.viladolibro.gal/marin

19.00 Igrexa vella

El mito de Erec y Enide Galicia e Cataluña a través da mirada de Vázquez Montalbán

Con **Sebastià Bennasar**

Un viaxe literario entre Galicia e Cataluña da man de Manuel Vázquez Montalbán e a lombos da literatura artúrica e o mito da orixe celta.

19.00 Espazo Alameda – Bernardino Graña

Recital poético: Fran Fernández e Tamara Andrés

Os poetas Fran Fernández, gañador do XXII Premio de Poesía Concello de Marín, e Tamara Andrés, na súa busca por atrapar o mundo nos seus versos, ofrecen un recital das súas obras.

SÁBADO 17

12.00 Igrexa Vella

"Quan pens que te n'ets anada/ Cando penso que te fuches" A Galicia de Josep M. Llopart



Con **Pilar Arnau** e **Sebastià Bennasar**

A filóloga Pilar Arnau achéganos a figura do poeta e tradutor Josep M. Llopart, que levou a poética galega ao catalán de Martín Codax ao século XX.



12.30 Igrexa Vella Ciencia ficción: a atracción irresistible


Con **David Gago** e **Juan Parcero**



O magnetismo da ciencia ficción e a súa capacidade de trasladar a novos mundos as preguntas que máis nos aterran. Con David Gago, autor de R.E.S.E.T. e da serie Ertélion, e Juan Parcero, que debutou no xénero, e con éxito, en A soidade selénica (Galaxia).

17.00 Igrexa vella Novela criminal galega

Con **Elena Gallego Abad**, **Irene Rega** e **Tensi Gesteira**



Xénero popular por excelencia, achegáremonos á novela popular de man de Elena Gallego Abad, con Ata que a morte nos separe (Xerais), e de Irene Rega Jul, con Tecendo redes (Galaxia). Moderará o diálogo a crítica literaria e xornalista Tensi Gesteira.

20.30 Igrexa Vella Concerto polas Letras Galegas

Coa **Coral do Centro Sociocomunitario** de Marín, a **Coral Ondas** do Mar de Vigo e o **Coro Liceo** de Navia.

DOMINGO 18

11.00 – 20.00 Alameda Feira do Libro “Unha dorna de libros, un mar de ilusión”

Da Asociación de Mulleres **Intercambio do Saber**

11.30 Igrexa vella O capitán Nemo: un ecoterrorista avant la lettre na ría de Vigo

Con **Sebastià Bennasar**
Que facía o capitán Nemo nas profundidades da ría de Vigo? Homenaxe a Julio Verne e á súa vocación de despertar conciencias.



11.30 Espazo Alameda – Bernardino Graña Contacontos infantil: O nobelo de Nenuca

Con **Irene Alonso Gasalla**

A escritora Irene Alonso Gasalla achega á cativada o seu último e novo relato, publicado na editorial Cuarto de Inverno.

12.00 Museo Manuel Torres Matar é fácil

Obradoiro de novela criminal con **Elena Gallego Abad**

Gústache o misterio e o suspense? Participa neste taller e aprende a crear as túas propias historias de intriga, con atmosferas escuras e personaxes complexos.

► Prazas limitadas. Información e inscricións:

www.viladolibro.gal/marin

12.00 – 14.00 Rúa Real Obradoiro: Fagamos papel!

Aprende a facer papel artesanalmente con **Sastres Paperers**

Os Sastres Paperers veñen para ensinarche os seus segredos. Auga, tamiz e fibras vexetais. Móllate as maniñas e preme que premerás: ti mesmo terás feito papel. E seguro que teñen algunha sorpresa preparada...

12.30 Espazo Alameda – Bernardino Graña Recital poético: con Silvia Penas e Ismael Ramos




Foto: Daniel de Jorge

As particularísimas voces de Silvia Penas e Ismael Ramos faranse oír desde a tribuna poética de Marín na Vila do Libro.

12.30 Museo Manuel Torres Nao cetácea: unha homenaxe ao mar

Co pescador, poeta e pintor **Xosé Iglesias**



No Día Internacional dos Museos presentamos *Nave cetácea* (Canela), a particular homenaxe, en verso e acuarela, de Xosé Iglesias ao mar.

13.30 Espazo Alameda – Bernardino Graña Actuación de Fentos e frouma

Concerto de **cantareiras**

O cancionero popular e a poesía oral, transmisores da lingua galega durante xeracións, reciben un merecido homenaxe no Día das Letras Galegas 2025 da man das cantareiras marinenses Fentos e frouma.



17.00 Alameda – Espazo Bernardino Graña Xornalismo e literatura

Escribir é reescribir permanentemente. Que debe ser escribir sobre libros? Unha aproximación ás diferentes formas de enfrontar a realidade desde o mundo da escritura.

18.00 Igrexa Vella Os libros da miña vida: Francisco Castro

Con **Francisco Castro** e **Sebastià Bennasar**

Unha mirada á cultivada carreira do escritor e músico Francisco Castro, das súas lecturas infantís aos seus vicios literarios, en conversa co escritor e editor mallorquín Sebastià Bennasar.



18.00 Espazo Alameda – Bernardino Graña Recital poético con Benito Piñeiro, Santiago Losada e micro aberto

19.00 Finca de Briz Concerto de primavera

Banda Municipal de Música e Trompos Os Pés



19.30 Espazo Alameda – Bernardino Graña Axúdame a cantar

Con ocasión do Día das Letras Galegas, a editorial Galaxia ofrécenos unha actividade de Felisa Segade e Montse Rivera, cofundadoras de Leilía, en homenaxe ás pandeireteiras, na que poremos en contexto a súa importancia ao ritmo das súas creacións e os seus instrumentos mais particulares.

Editoriais e librarías

Aira
Aira Editorial

Alvarellos Editora



Antela



Através Editora



Cuarto de Inverno



Edicions Xandri



Editorial Canela



Editorial el Pirata

Editorial el Pirata



Elvira Editorial



Excellence Editorial



Hércules De Ediciones



Librería Nóbél



Nowordbooks



Patasdepeixe Editora



Rinoceronte Editora



As cantareiras, unha homenaxe no Día das Letras Galegas

A **Real Academia Galega (RAG)** decide cada ano a personalidade literaria á que se dedica o **Día das Letras Galegas** e acordou dedicar o 2025 á poesía popular galega. Deste xeito, a Academia reconece o papel das mulleres na creación e na transmisión literaria, así como o valor da lírica oral, esa que é anónima, que pertence á comunidade e que se aprende escoitando, cantando, traballando, divertíndose... en fin, vivindo nela.



De punta a punta: OS SASTRES PAPERERS, os xastres do papel do muíño de Banyoles



Banyoles é unha poboación de Girona situada a unha vintena de quilómetros do Mediterráneo. É coñecida, fundamentalmente, por estar asentada na beira do lago máis grande de Cataluña: o estanque de Banyoles, unha masa de auga de orixe cárstico, a máis extensa da península ibérica, que abastece de auga a toda a poboación mediante canalizacións. Debido á súa riqueza hídrica, existiron historicamente varios muíños. Entre eles, o da Farga (ferraría), un edificio con máis de 335 anos de historia, concibido como muíño de arame (fío e chapa de cobre), que acolle dende hai máis de dez anos aos Sastres Paperers, mestres na fabricación artesanal de papel cun proxecto de vocación social e cultural baseado en tres puntos: a fabricación de papel artesanal de calidade para as belas artes e o deseño gráfico; a difusión do oficio arredor do mundo; e a formación no oficio de persoas con diversidade funcional.

Unha iniciativa inclusiva e de calidade que cruza a península, de mar a mar, para chegar a Galicia con dúas propostas de obradoiros:

- Un deles, o de facer papel, aberto e dirixido a todos os públicos, onde vos ensinarán en poucos minutos como se fixo historicamente o papel: auga, fibras vexetais, tamices, prensas, secado... e xa está!
- E outro, con prazas limitadas en interior, onde vos farán un pequeno resumo sobre a historia do encadernado e vos ensinarán técnicas que poderedes aplicar in situ para encadernar o voso propio caderno.

Poderedes atopar información para inscribervos no obradoiro na web: www.viladolibro.gal/marin

O CARTEL DE MARÍN VILA DO LIBRO PASO A PASO

A CARREXADORA

A figura central do cartel inspírase na escultura real de Marín e representa a forza popular que sostén a cultura. Sobre a súa capa aparece un petróglifo de Mogor, coma un tecido ancestral que enlaza coa patrimonio arqueolóxico e coa memoria simbólica do territorio. Da cesto que leva sobre a cabeza emerxen os libros, que nadan ou voan como metáfora do saber compartido.



O POLBO / CASTELAO

No cartel, o polbo actúa coma metáfora da memoria colectiva galega. Dende os seus tentáculos emerxen libros, peixes e símbolos da tradición, conectando literatura, territorio, música e vida mariñeira. Un dos seus brazos sostén unha pandeireta, coma latexo da festa popular. Na súa cabeza aparece unha das *autocaricaturas* de Castelao, como guiño ao Ano Castelao 2025. Castelao é aquí un cerebro simbólico, unha conciencia que observa e sostén a cultura desde o fondo do mar. Lonxe da caricatura, esta imaxe propón unha lectura contemporánea: o pensamento galego como organismo vivo, plural e tentacular, que se estende, conecta e transforma.

A CANTAREIRA QUE ATURUXA

Inspirada no famoso cartel soviético de Rodchenko, esta figura reproduce o xesto da muller que grita, adaptado ao contexto galego. Se no orixinal a palabra era “¡Libros!”, aquí a protagonista é unha cantareira que lanza un aturuxo coma expresión de forza colectiva. O triángulo que que proxecta a voz contén a letra “A”, coma se chamara ao pobo a través da literatura. Unha reinterpretación que enlaza vangarda e tradición, palabra e territorio.

O LECTOR SUBMARINO

Unha figura infantil mergulla entre peixes e libros cun exemplar na man. Representa a infancia como futuro lector, a curiosidade como motor e a lectura como unha forma de inmersión creativa. Tamén conecta co eixo familiar do festival e co mar como espazo de descubrimento.

PLAN SOCIAL ENCE



ENCE Enerxía e Celulosa, S.A. comparte e asume o interese da administración en profundizar na sostibilidade da súa actividade industrial, poñendo de manifesto a súa intención de operar con seguridade e de maneira responsable, respectando o medio ambiente e as comunidades veciñas aos seus emprazamentos. Ademais de compromiso ambiental, adquire tamén o compromiso de favorecer o entorno social situado no ámbito da súa actividade. Neste marco, e para implementar todo o anteriormente exposto, a Xunta de Galicia,

a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e a empresa ENCE subscribiron un Pacto Ambiental que inclúe o compromiso de ENCE orientado á mellora da calidade de vida de todos os galegos, especialmente dos que habitan no entorno da ría de Pontevedra. A realización dese Programa Marco implica unha aportación por parte de ENCE de ata 3.000.000 de euros anuais durante o tempo que a instalación industrial de titularidade de ENCE situada na Marisma de Lourizán continúe operativa.

OS LIBROS FAN CAMIÑO, FACEMOS CAMIÑO COS LIBROS

Rede de Vilas do Libro 2025

